

abalarMóbil

abalarMóbil é unha aplicación que permite ás familias consultar a información de calquera dos seus fillos a través do teléfono móbil.

IMPORTANTE: como norma xeral, a única comunicación oficial de faltas de asistencia entre o centro o os pais será a través de Abalar Móbil.

En caso de calquera dúbida de instalación ou uso, consultar co IES A Pinguela.

Trátase dunha aplicación móbil para os sistemas operativos máis difundidos: iOS e Android.

A descarga desta aplicación no teléfono móbil faise dende **App Store** (se o sistema operativo é IOS) ou dende **Google Play** (se o sistema operativo é Android).

As diferentes funcionalidades e servizos que as familias poden utilizar dende o seu teléfono móbil son (no noso centro polo de agora usaranse as remarcadas en negraña):

- **Acceder aos datos persoais.**
- **Consultar as cualificacións.**
- **Comprobar e xustificar as faltas de asistencia.**
- Consultar o apartado de faltas de conduta.
- Solicitar unha visita de titoría.
- **Consultar os datos do centro educativo.**
- Consultar os avisos ou notificacións.
- Consultar as incidencias.
- Modificar o idioma da aplicación.

Instalamos abalarMóbil


Unha vez descargada a aplicación de **abalarMóbil**, o primeiro paso será realizar o rexistro, para iso preguntaranos en primeiro momento o número de teléfono asociado ao alumno (debe figurar así no aplicativo de xestión do centro) - **imaxe paso 1-**, unha vez introducido o código recibido - **imaxe paso 2-** crearemos o a contrasinal para poder acceder - **imaxe paso 3 -**. Este paso só hai que facelo a primeira vez, cando se descarga a aplicación. En caso de cubrir a contrasinal de xeito satisfactorio, aparecerá unha



Paso 1, identificación do número



Paso 2, inserimos código



Paso 3, establecemento contrasinal

pantalla indicando que o rexistro foi completado de xeito correcto - **imaxe paso 4** -.

A partir deste momento, cada vez que desexe acceder a abalarMóbil deberá introducir o contrasinal elixido.

Unha vez autenticado co contrasinal, accede ao seu perfil no que poderá seleccionar o alumno sobre o que desexe facer algún tipo de consulta ou realizar algunha acción - **imaxe paso 5** - (nas imaxes dos pasos que están ao lateral elimináronse os datos persoais do alumnado).

Dende o apartado “Datos” pode acceder ao menú con todas as funcionalidades dispoñibles:

- ✓ **Datos persoais.**
- ✓ **Cualificacións.**
- ✓ **Asistencia.**
- ✓ Faltas de conduta.
- ✓ **Datos do Centro.**
- ✓ Solicitud de Titorías.
- ✓ Avisos e notificacións.
- ✓ Incidencias.
- ✓ **Axustes.**



Paso 4, confirmación rexistro



Paso 5, selección do alumno



Paso 6, datos do alumno e acceso menú

No tocante das faltas, hai dúas cores que indicarán o estado das faltas. Se a falta está en cor vermella, correspóndese a unha falta sen xustificar, en caso de ser de cor verde, trátase dunha falta xustificada e aceptada a xustificación polo titor.

As marcas de cor azul no calendario, indicarán a data actual.

Para un maior detalle de cada unha das funcións, podedes consultar un manual completo no seguinte ligazón:

<http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/guia-da-aplicacion-para-familias-abalarmobil>